

ROGO DE AER SOBRE O SENDEIRO DO VAL DO MACEIRAS

PLENO 02 SETEMBRO 2015. ACTA 16/2015

“Despois de coñecer polos medios de comunicación da próxima realización dun segundo tramo da senda do Val do Maceiras, EER procedeu a solicitar a consulta do proxecto do novo tramo para estudalo e así poder supervisar a correcta execución da actuación, centrándose no respecto da flora e fauna autóctona desta paraxe singular de vexetación de ribeira.

Tanto no presente proxecto de execución como no tramo anterior contemplábase respectar na medida do posible a vexetación autóctona e eliminación de flora alóctona invasora e mesmo plantacións complementarias de espécimes autóctonos propios da ribeira.

Desgraciadamente, na anterior ocasión, no inicio da senda constatouse a plantación de especies mais propias de xardinería que de vexetación de ribeira autóctona, algo que non viña contemplado no proxecto inicial.

O goberno local que se proporcione a posibilidade de que durante o replantexamento e nos seguimentos da obra se convide a membros de AER e demais forzas políticas a asistir para coñecer as actuacións concretas con tempo suficiente e así poder avaliar o seu impacto e idoneidade, así como ofrecer alternativas viables oportunas.

ROGAMOS

que non se volvan cometer os erros detectados na execución do anterior4 tramo da senda do val de Maceiras, evitando a instalación de plantas propias de xardín, e centrándose na eliminación de espécimes invasores e en plantacións complementarias con especies autóctonas propias da ribeira. Do mesmo xeito, rogamos do goberno local que se proporcione a posibilidade de que durante o replantexamento e nos seguimentos da obras se convide a membros de AER e das demais forzas políticas a asistir para coñecer as actuacións concretas con tempo suficiente e así poder avaliar o seu impacto e idoneidade, así como ofrecer as alternativas viables oportunas.